

Compostela, Nadal 78

Benquerido Luis:

Hai días que chegou "Imágenes de Galicia" e, contemplando o seu contido, sentínme engaiolado pola extraordinaria forza evocativa que del se desprende. Para min ven ver como un fermoso códice capaz de despertar no espírito os tesouros do noso pasado lexendario, mítico, histórico, poético. Un pasado que herdamos dos nosos devanceiros e que está vivo nas camadas máis profundas do noso ser, moitas veces enmudecido no estado latente de emoción vaga, imprecisa, nebulosa. Pero no teu libro, que merece ser manexado coa devoción íntima con que noutros tempos manexaban os "libros de horas", ese sustrato nebuloso do noso ser colectivo cobra presenza máxime. As distintas dimensións de Galicia aparecen nesas páxinas, con toda a forza da súa significación, enrobrecida pola gracie do arte, do teu arte. Gran parte da tua obra, querido Luis, é o mellor testimonio con que conta a nosa cultura da Galicia sonada e vivida desde o exilio, desde a emigración. Hai unha Galicia de Seoane, e esa Galicia ten tanta personalidade artística e tanta orixinalidade creadora como a Galicia de Valle Inclán, ou a Galicia de Otelo Pedrayo, ou a Galicia de Castelas. Grazias polo exemplar do libro ¿Cando che poderí corresponden minimamente?

Polos viaxeiros que foron ahí fomos sabendo de vós. Tamén soupe-  
mos por eles que chegaredes aquí coa primavera, cousa que nos alegra.  
Sempre nos lembramos de vós, e nestas datas aínda máis  
apertamos nosos brazos para os dous

Ramón

---